

MOCHILAS VIAXEIRAS

Os alumnos/as de 6ºEP realizaron durante o curso a actividade das mochilas viaxeiras. Por quendas, foron levando á casa estas mochilas nas que figuraban materiais de lectura para toda a familia. As mochilas viaxeiras contaron cun caderno con carta de benvida e espazo para que cada unha das familias deixara a súa opinión. Tamén incluían libros para adultos, libros para os máis pequenos da casa, un cómic, poesía e unha película.

Sen dúbida, esta foi unha divertida forma de potenciar o hábito lector!



